



Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2024-2025

- Oferta ordinaria
- Cursos de especialización

Instrucións para:

- Solicitar/reservar matrícula
 - Renunciar á praza adxudicada
-

Índice

1	Introdución.....	3
2	Autenticación no sistema de usuarios da consellería.....	3
	2.1 Identificación con usuario e contrasinal.....	3
	2.2 Identificación con código de solicitude.....	4
3	Procedemento de matrícula na praza adxudicada.....	5
4	Procedemento de renuncia á praza adxudicada.....	8

1 Introducción

En cada adxudicación as persoas ás que se lle adxudica algunha praza e que estean autenticadas no sistema, poderán:

- **Matricularse:** deberase facer, nos prazos establecidos, no centro adxudicado ou vía web, a través da aplicación informática Ciclosadmisión. Coa matrícula finaliza a participación no proceso de admisión; non será adxudicado noutras prazas e será eliminado de calquera listaxe de espera do proceso.
- **Renunciar á praza:** deberase facer, nos prazos establecidos, en calquera centro público de Galicia con oferta de FP sostida con fondos públicos, ou vía web a través da aplicación informática Ciclosadmisión. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada, pero permanecerá nas listaxes de espera da súa opción de maior preferencia. Non é posible renunciar cando a adxudicación corresponde ao ciclo ou curso de especialización solicitado en primeira opción.

Tanto a **matrícula como a renuncia a unha praza adxudicada** son procesos **irreversibles**. Cómpre lembrar que:

- As persoas que teñan praza adxudicada en oferta ordinaria ou en cursos de especialización **que non se matriculen nin renuncien no prazo establecido para cada adxudicación, quedarán excluídas do proceso de admisión** para esas ofertas e só se poderán matricular en prazas que queden vacantes ou liberadas.
- Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión a formación profesional.
- As persoas admitidas (seleccionadas) para un proxecto de FP dual intensiva ou con praza adxudicada en cursos de especialización, quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos da oferta ordinaria e da oferta modular.

2 Autenticación no sistema de usuarios da consellería

2.1 Identificación con usuario e contrasinal

É moi probable que ás persoas solicitantes no proceso de admisión que puxeron como dato un correo electrónico válido lles chegue un correo cun texto similar ao seguinte:

ALTA NOVO USUARIO:

Comunicámoslle que, segundo os datos que figuran na base de datos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, se solicitou a creación dunha conta de correo persoal.

Para activar a conta, debe acceder ao seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=alta>

Debe realizar a activación cos seguintes datos:

Código de activación: XXXXXX

Dispón de dez días, desde a recepción deste código, para formalizar a activación da conta.

A través das instrucións do correo creouse (ou púidose crear) un nome de usuario para acceder á aplicación Ciclosadmisión, e permitir diversas xestións como, por exemplo, informarse sobre o seu expediente no proceso.

Todas as operacións sobre a conta de usuario e o contrasinal (como solicitar un novo PIN/código de activación, lembrar o nome da conta, lembrar ou modificar un contrasinal) poden xestionarse en: <https://www.edu.xunta.gal/contausuario>

Para calquera dúbida sobre a autenticación e a conta de usuario cumprirá contactar coa UAC no teléfono 881 997 701 ou enviando un correo a uac@edu.xunta.gal

Se ten un usuario e contrasinal de NERTA tamén o pode empregar para acceder á aplicación Ciclosadmisión.


2.2 Identificación con código de solicitude

Na aplicación poderase acceder directamente á pantalla para solicitar a matrícula en prazas adxudicadas empregando o DNI/DOI e o código da solicitude na que se teña a praza adxudicada.

Primeiro hai que seleccionar na pantalla de inicio da aplicación o modo de autenticación (Estado de solicitudes/adxudicación).

Admisión FP: [Estado de solicitudes/adxudicación](#)

Despois hai que escribir o número do documento oficial de identidade (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de admisión e o código da solicitude na que se ten a praza adxudicada.



The screenshot shows the 'Reservar/Matricular prazas adxudicadas' screen. Under the 'Filtros' section, there are two input fields: 'DOI/DNI' and 'Código de Solicitude'. Below these fields are two buttons: 'Buscar' (orange) and 'Volver' (blue).

Localización do código de solicitude.




00035248D4

CONVOCATORIA: Ordinaria	GRAO: Superior	RÉXIME: Ordinario	MODALIDADE:
PROCEDEMENTO ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E DE GRAO SUPERIOR NO RÉXIME ORDINARIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS		CÓDIGO PROCEDEMENTO ED519A	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

3 Procedemento de matrícula na praza adxudicada


A matrícula nunha praza adxudicada deberase facer, nos prazos establecidos, no centro adxudicado ou vía web, a través da aplicación informática Ciclosadmisión. Coa matrícula finaliza a participación no proceso de admisión, non será adxudicado noutras prazas e será eliminado de calquera listaxe de espera do proceso. Para a solicitude de matrícula vía web de prazas adxudicadas, deberase acceder ao enderezo: www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión

Despois de identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal, prema na pestana "2 Solicitantes" do menú da aplicación; verá unha pantalla similar a esta:



No menú "2 Solicitantes" débese elixir "2.4 Reserva/Matricula" e a continuación "2.4.1 Reserva/Matricula WEB". Sairá unha ventá similar á seguinte, na que terá que seleccionar a pestana correspondente ao réxime ordinario. Daquela, hai que ir a seleccionar o grao e marcar "Medio" ou "Superior":

Reserva prazas adxudicadas



Ciclos adxudicados (Ordinario) Módulos adxudicados (Adultos Distancia) Módulos adxudicados (Adultos Presencial)

Cursos adxudicados (Cursos especialización)

Réxime ordinario:

As persoas que solicitan matrícula por este réxime quedarán excluídas do sistema de adxudicación dos outros réximes. No caso de adxudicación de praza en réxime ordinario os detalles para a renuncia/solicitude de matrícula poden consultarse [na seguinte lixazón](#).

Réxime para persoas adultas:

- As persoas que solicitan reserva de matrícula por este réxime quedarán excluídas do sistema de adxudicación dos outros réximes. Soamente continuarán participando nas adxudicacións dos módulos solicitados que estean en espera do centro e ciclo no que fagan a reserva inicial.
- A vantaxe deste procedemento é que non será necesario acudir a matricularse en cada adxudicación ao centro.
- Pode consultar os detalles deste procedemento no réxime para persoas adultas [neste documento](#).
- Lembre que anular a reserva dunha adxudicación anterior é irreversible.
- Na modalidade presencial, unha vez finalizada a reserva dos módulos nos que desexa matricularse, será imprescindible formalizar a matrícula no centro antes do día indicado na [seguinte lixazón \(consultar apartado 5\)](#).

Atención: para a reserva de prazas na modalidade presencial é imprescindible coñecer o horario de impartición dos módulos.

Seleccione Grao

Todos Graos

Buscar Adxudicación Volver



Se accedeu á aplicación empregando o código de solicitude entrará directamente na pantalla de reserva de prazas da oferta ordinaria. Verá unha pantalla similar á seguinte:

Reservar prazas ordinario

- As persoas que realicen reserva de matrícula por este procedemento quedarán excluídas do sistema de adxudicación dos outros réximes. Soamente continuarán participando nas adxudicacións dos módulos solicitados que estean en espera do centro e ciclo no que fagan a reserva inicial.
- A vantaxe deste procedemento é que non será necesario acudir a matricularse en cada adxudicación ao centro.
- Pode consultar os detalles deste procedemento [neste documento](#).

Lembre que anular a reserva dunha adxudicación anterior é **irreversible**.

Atención: para a reserva de prazas en modalidade presencial é imprescindible coñecer o horario de impartición dos módulos.

Listaxe ciclos do Alumno:

Fase Activa: 2ª Adxudicación (Superior)

Adxudicación Actual

Fase	Grao	Centro	Convocatoria	Ciclo	Estado	Opcións
2ª Adxudicación	S	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	Xuño	CSIFC01-Grao Superior en Administración de sistemas informáticos en rede	Adxudicado	Solicitar matrícula

Adxudicacións Anteriores



Verá os datos da praza adxudicada. Se desexa solicitar a matrícula nesa praza prema en "Solicitar matrícula" na columna de opcións. Accederá a unha nova pantalla cos datos da praza na que vai solicitar matrícula, e dous botóns: "Confirmar" e "Volver".

Reservar prazas ordinario

Vai a solicitar realizar a matrícula en:

Datos da reserva

Centro	<input type="text" value="CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense - Ourense)"/>
Réxime	<input type="text" value="Ordinario"/>
Grao	<input type="text" value="Superior"/>
Ciclo	<input type="text" value="Administración de sistemas informáticos en rede"/>

ATENCIÓN. Esta acción é irreversible.

Unha vez confirmada a solicitude de matrícula finalizará a súa participación no proceso de admisión de formación profesional para todos os réximes e modalidades.

Se desexa continuar co procedemento de solicitude de matrícula prema no botón "Confirmar". Como se trata dunha acción irreversible aparecerá unha ventá para que acepte no caso de estar seguro ou cancele no caso contrario. Será similar á que se amosa:



Reservar prazas ordinario

Vai a solicitar realizar a matrícula en:

Datos da reserva

Centro
CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense - Ourense)

Réxime
Ordinario

Grao
Superior

Ciclo
Administración de sistemas informáticos

ATENCIÓN. Esta acción é irreversible. Unha vez confirmada a solicitude de admisión de formación profesional para todos os réximes e modalidades.

Mensaje de página web

¿Esta seguro de querer realizar a matrícula neste ciclo? O proceso non se poderá desfacer.

Se acepta, na nova pantalla aparecerá unha mensaxe de confirmación da operación "Operación realizada con éxito" e poderá descargar un documento en formato PDF como resgardo da solicitude de matrícula.

Garde e imprima o resgardo da matrícula, contén información relevante sobre a matrícula e o proceso de admisión. Tamén ten a información da entidade bancaria e do número de conta para efectuar o **pagamento do seguro escolar** para aquelas persoas obrigadas ao seu pago. O centro solicitaralle o resgardo do pagamento do seguro escolar para iniciar as actividades lectivas. O centro tamén lle poderá solicitar calquera outra documentación que considere se precisase efectuar comprobacións dos requisitos de acceso ou dos datos de identidade. O aspecto do resgardo será similar ao da imaxe:



RESGARDO DA SOLICITUDE DE MATRÍCULA EN PRAZAS ADXUDICADAS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/PASAPORTE	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO, ANDAR)			ENDEREZO	
Carballo 6				
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL
Lugo	Guitiriz	27388		
DATOS DA PRAZA				
Centro: 1502260 - CIFP Ánxel Casal - Monte Alto				
Réxime:				
Grao: Superior				
Ciclo:				
Data de efecto da matrícula: 13/07/2021 09:07				

Este documento é un resgardo da solicitude de matrícula na praza adxudicada, a todos os efectos ten consideración de matrícula definitiva na praza e polo tanto pon fin a súa participación no proceso de admisión a ciclos formativos de formación profesional para todos os réximes e modalidades.

O carácter definitivo da matrícula queda condicionado a:

- Que exista un número mínimo de solicitudes de matrícula admitidas segundo o establecido na normativa vixente.
- Que se entregue a documentación que solicite o centro no caso de precisar calquera comprobación documental dos requisitos de acceso a ciclos ou dos datos de identidade.
- Que se presente o resgardo de abono do seguro escolar (ou ser unha persoa excluída do seu pago) cando o solicite o centro ou, en todo caso, no inicio do curso escolar.


Seguro escolar: Están obrigadas ao seu pagamento as persoas menores de 28 anos. Deberán abonar 1,12 euros en:

Entidade bancaria:
Número de conta:

4 Procedemento de renuncia á praza adxudicada

A renuncia á unha praza adxudicada deberase facer, nos prazos establecidos, en calquera centro público de Galicia con oferta de FP, ou vía web, a través da aplicación informática Ciclosadmisión. Para a renuncia vía web de prazas adxudicadas, deberase acceder ao enderezo: www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión

Despois de identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal, prema na pestana "2 Solicitantes" do menú da aplicación; verá unha pantalla similar a esta:



A continuación seleccione no despregable "2.5 Renunciar vía WEB", a continuación prema no "2.5.1 Oferta ordinaria" e siga as instrucións que aparecen na pantalla.

Lembre que a renuncia á praza adxudicada é un proceso irreversible.